Descripcion del recorrido

A saída que imos facer percorre unha zona de montes entre os vales que forman os **Regos de Lourido e Santa Margarida**. Por este lugar, se non se remedia, non se poderá voltar a camiñar, xa que nel están previstas as explotacións mineiras do ouro de Corcoesto. Por isto, en parte do noso percorrido uniranse membros da **"Plataforma CONTRA A MINA"**.

Partimos da Ermida de Santa Mariña, fermoso lugar de lecer onde se xuntan nas festas as xentes da contorna, para dirixirnos a **Fonterremila** preto de onde collemos unha pista de terra que en dirección sur, percorre case todo o val polo que discorre o **Rego de Lourido**. Despois de andar un tramo tomamos un sendeiro a dereita, que sube por un cortalumes e nos conduce cara os **Montes de Auga Levada**, onde temos moi boas vistas do **Monte Branco** no **esteiro do Anllons**, continuamos camiñando, e despois de pasar un cruce de catro camiños, rodeamos o lugar de **Baralláns** e saímos á estrada, que pronto deixamos para pasar preto doutro lugarciño chamado **Perrol**. Aquí separámonos da xente da Plataforma para subir ao cumio do **Monte Perrol** a 431 metros, onde poderemos gozar das impresionantes vistas de toda a costa e a contorna. Dende aquí descendemos cara o val do **Rego de Lourido** que agora collemos en dirección norte, despois dun treito chegamos a unhas praderías a beira do río onde atopamos un manantial preto dunhas ruínas. Continuamos na mesma dirección ata empatar coa pista que collemos ao saír, preto de **Fonterremila**. Un pouco antes de chegar a senda do cortalumes, en dirección contraria tomamos un camiño que atravesando os montes aproxímanos a **Ermida de Santa Mariña**, onde podemos xantar. Tras repoñer forzas continuamos a camiñada cara un encoro no **Anllons**, baixamos por unhas escalas de ferro, e paralelos ao río imos cara a central hidroeléctrica de Corcoesto. Deixamos atrás a central e camiñamos cara a **Ponte de Xavarido**, tras uns metros pola estrada, desviámonos por un camiño que empata cun sendeiro, que en dirección sur nos retorna a **Santa Mariña**, comezo e remate da nosa andaina.

Mapa de situacion



Lonxitude: 15,5 Km. aproximadamente.
Dificultade: baixa.

PROXIMAS ACTIVIDADES

✓ *15 de Xuño*: *Costa da norte* "De Camariñas a Camelle

✓ *29 y 30 de junio: Picos de Europa*. Lagos - Vega de Ario y Lagos - Corao (Ruta Frasinelli)

Para mas información, visitar la Web del Club.

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA

26 de mayo de 2012

ERMIDA DE SANTA MARIÑA - CHANS DE PERROL

CORCOESTO

(CABANA DE BERGANTIÑOS)

Langueirón
Langueirón (San Xián)
A Armada
Soutullo
A Agruña
A Igrexa
A Devesa
Fonte Salgueira
Monte de Regados
A Vitureira
Agra de Ramil
Cardezo
Monte das Telleiras
As Gándaras
Xabarido
Museo da Vitureira
Central de Corcoesto
A Ponte de Xabarido
A Pontedona
Coto de Carballido
Casa Darde
O Lugar Grande
CP-1405
Montes de Santa Mariña
Capela de Santa Maruxa
A Ponte Cardoso
Millán
Fonterremila
A Rectoral
Corcoesto (San Pedro)
Monte Pedroso
Prado do Batán
Portocelo
Muiño da Regueira
Cruces
Casa da Telleira
Muiño de Xuareiro
Cures
Escola
Montefurado
O Dequente
As Lamas
Cerqueirido
Monte de Cures
Casa do Río
Os Loureiros
Monte dos Cudeiros
O Relance
A Braña
Costa de Monelo
Bouza Carreira
O Castro
Montes de Augas Levadas
O Rebordiño
A Regueira
Campo do Castro
Monte de Lourido
Gulúa
Bello
Montes do Muíño Mouro
Canle do Rebordiño
O Cotón
Regoseco
Baralláns
Paradela
Costa de Bello
A Ponte de Paradela
Monte do Covelo
Chousa Nova
Monte de Baralláns
O Ramallón
A Borreira
Costa da Senra
As Canles
Casa da Borreira
Fonte Cardeira
A Serra
Capela de Sta. Margarida
Monte de Lestón
Lestón
Perrol
Agra de Lestón
Agra de Castrobó
Valenza (San Pedro)
O Rodo
Aldemunde
Agra da Veiga
Baneira
Valenza
Perrol 439
Chans de Perrol
Pedra do Couto
Casas de Campo
Castro de Insua
A Zarrapa
Monte Martín
Monte das Cardeiras
Os Barreiros
Penela
Cabeza Carneiro
O Penso
Gatiande
Muiños da Burbia
Cotón das Pedriñas
Os Regueiros
A Cruz da Burbia
Santa Baia de
O Canle
Riobó (San Martiño)
Os Maños